



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE DEZ DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN
(ACTA NÚMERO 35)

Presidente:

D. José Tomé Roca

Sres. Deputados:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

D^a M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D^a. Mayra García Bermúdez

D. Roberto Fernández Rico

D. Xosé María Arias Fernández

D. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretario:

D. José Antonio Mourelle Cillero

Interventora:

D^a. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e cinco minutos do día **dez de setembro de dous mil vinte e un**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnense as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa como Secretario, o Secretario Xeral Adxunto don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora D^a. Rosa Abelleira Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA TRES DE SETEMBRO DE DOUS MIL VINTE E UN.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día tres de setembro de dous mil vinte e un que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade.

2.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MECANIZADOS DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 29 de xullo de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7EVST32FF3LKG4RUHB55CDEU.

Prego de prescricións técnicas, con CSV IV7EVSTZL3WZTDHY44FHCELBAY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7EQHBMMH5STGZCQVVAKQSO6Q.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7E6ADNPNMCR37R6AETX7EM.

Informe xurídico firmado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7E6LHKPNN37BP4YQIM44SCEE.



Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7E6PAMGDUKQRJDY7YE54IQ4Y.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7E7SJOEDVZT6MLUB7TJYKXEY.

Acordo da Xunta de Goberno de data 9 de xullo de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EYT7YB4M22T552J6UG4QECI.

Acta da Mesa de Contratación do día 29 de xullo de 2021, con CSV IV7E3WASLHXI777ZZQGGP4CR74

que recollen as seguintes consideracións:

“Pola Presidencia da Mesa, procédese á lectura da orde do día que se recolle a continuación:

Contratación do servizo de mecanizados da Excm. Deputación de Lugo. 2021/CON_02/000034 v2

Primeiro.- Apertura e cualificación da documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente. (Sobre electrónico único).

Segundo.- Valoración ofertas económicas relativas aos criterios cuantificables automaticamente.

Terceiro.- Mellor valorado - Requirimento de documentación.

Tendo en conta que a única empresa concorrente presenta a súa proposta dentro do prazo outorgado a tales efectos, procédese a admitir a oferta presentada.

Acto seguido procédese ao exame e cualificación do sobre electrónico único, documentación administrativa e da oferta relativa aos criterios cuantificables automaticamente, resultando que a empresa Mecanizados Pereira, S.L. presenta o Anexo I debidamente cumprimentado e asinado.

A continuación procédese ao exame do Anexo III, relativo aos criterios de adxudicación avaliados mediante fórmulas matemáticas ou avaliados de forma automática, recollidos no PCAP, resultando que a empresa Mecanizados Pereira, S.L. non especifica a ferramenta de valoración que aporta e non achega as tarifas sobre as que se aplicaría o desconto ofertado tal e como se especifica

no prego de prescricións técnicas, ao que remite o prego de cláusulas administrativas no punto P do Cadro Resumo, polo que deberá ser excluída ao non dispor a Mesa da suficiente información para poder valorar a oferta, nin determinar ós prezos de forma certa ó longo do contrato ó non constar referencia a prezo unitario de pezas ou material destinado ás operacións propias do obxecto contractual polo que a mesa de contratación acorda, elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

1º.-Excluír a proposta presentada pola empresa Mecanizados Pereira, S.L., para a contratación do servizo de mecanizados da Excma. Deputación de Lugo. 2021/CON_02/000034 v2, posto que a única empresa concorrente non especifica a ferramenta de valoración que oferta e non achega as tarifas sobre as que se aplicaría o desconto ofertado.

2º.-Declarar deserta a contratación do servizo de mecanizados da Excma. Deputación de Lugo. 2021/CON_02/000034 v2, por non presentarse ningunha oferta admisible.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Declarar deserto o procedemento 2021/CON02/000034 v2, servizos de mecanizados da Excma. Deputación de Lugo, a vista da proposta da mesa de contratación de 29 de xullo de 2021, na que se acordou elevar ao órgano de contratación a declaración de deserto do procedemento.

2º.- Considerando o anterior procede aprobar o contido integro dun novo expediente para satisfacer o obxecto do contrato, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterio de puntuación, que se recolle para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, considerando a sinxeleza das operacións a realizar.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento simplificado “sumario”, dado o importe da licitación, con un único criterio de adxudicación, de



conformidade co establecido no artigo 159.6 da LCSP e de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da mesma Lei; de conformidade co previsto na normativa; dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 18.000,00 euros (IVE engadido correspondendo a partida do IVE a 3.123,97€), con cargo ó orzamento das anualidades 2021 e 2022, atendendo a seguinte desagregación:

CENTRO	APLICACIÓN	ANUALIDADE	IMPORTE	TOTAL (IVE ENGADIDO)	RC
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2021	1.652,89	2.000,00	22021/15196
GRANXA PROVINCIAL IVE DEDUCIBLE	4120.213	2022	1.652,89	2.000,00	220219/242
PARQUE MÓBIL	9201.213	2021	7.000,00	7.000,00	22021/15198
PARQUE MÓBIL	9201.213	2022	7.000,00	7.000,00	220219/241
SUMA			17.305,78	18.000,00	

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria que se indica, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 9.000,00€ para a anualidade 2021. A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN E DO PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES E DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS CO OBXECTO DE PROCEDER Á CONTRATACIÓN DOS SERVIZOS DE MANTEMENTO E REPARACIÓNS DOS CAMIÓN, VEHÍCULOS ESPECIAIS E MAQUINARIA DO PARQUE MÓBIL PROVINCIAL.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación do expediente de servizos de mantemento e reparacións dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móvil Provincial, consta no mesmo:

Certificación da Xunta de Goberno, con CSV:, na que se declara deserto o expediente 2021/CON_02/0000051.

Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7FVWX4ZHWP7XXOBXQM4RBGGM.

Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7FVWXTJFXCRDHT44WSIU2ECQ.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito, con CSV: IV7FWSD7PX5PT5E2YVMA4LSPP4 e IV7FWSDTJQP64WN45UNRKAQBKY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV: IV7FWSL3ZXZDJ6MNYMHRH5JW4E.

Informe xurídico asinado polo Xefe do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7FWSLTDVRY7XR7QVIWKJBUN4.

Fiscalización limitada previa do expediente.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

1º.- Aprobar a contratación dos servizos de mantemento e reparacións dos camións, vehículos especiais e maquinaria do Parque Móvil Provincial, cunha duración de un ano prorrogable anualmente sen que a duración total do contrato (incluídas as prórrogas) exceda de catro anos, contados a partir da sinatura da acta de inicio do contrato.

2º.- Aprobar o contido integro do expediente, incluídos os pregos de cláusulas administrativas particulares e prescricións técnicas que rexerán na licitación do contrato sinalado no parágrafo anterior, nos que se conteñen, de acordo co establecido na norma, e o informado no expediente, os criterios de solvencia técnica e económica de xeito adecuado e proporcionado á natureza da prestación, así como os criterios de puntuación, que se recollen de maior a menor considerando a adecuación do criterio e a puntuación relativa outorgada a cada un deles para a selección da mellor oferta calidade-prezo, e a satisfacción das necesidades que motivaron o contrato; tendo a súa motivación na satisfacción do mandato de eficiencia no gasto público, e



incorporar á contratación administrativa o obxectivo do efecto transversal mediante a incorporación dos aspectos sociais como obrigas esenciais de execución.

3º.- Aprobar e dispoñer o procedemento de adxudicación, que é o procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a), 131.2, 168, e 170 da LCSP como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan para a determinación da mellor oferta consonte cos artigos 145 e 146 da LCSP, en base á mellor relación calidade-prezo e dispoñer a apertura do mesmo, mediante a inserción do correspondente anuncio no perfil do contratante da Deputación Provincial de Lugo (Xunta de Goberno), aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público (www.contrataciondelestado.es).

4º.- Aprobar o gasto, segundo o orzamento base de licitación deste contrato que ascende a 54.000,00 euros. O orzamento base de licitación inclúe 9.371,90 euros en concepto de imposto sobre o valor engadido (IVE), na porcentaxe do 21%; importe que se engade aos 44.628,10 euros de base, e distribúese atendendo ao seguinte desglose:

Anualidade 2021: 22.500 euros (IVE incluído).

Anualidade 2022: 31.500 euros(IVE incluído).

Existe consignación na Aplicación Orzamentaria 9201.213, do orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 22.500,00 € (RC 220210017520)

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír nos orzamentos da anualidade 2022 a cantidade indicada, na aplicación sinalada.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO PATROCINIO DA IMAXE DA DEPUTACIÓN E PROMOCIÓN TURÍSTICA DA RIBEIRA SACRA A TRAVÉS DA LONGAMETRAXE *LIVE IS LIFE*.

Pola Sra. Interventora maniféstase, de forma verbal que, desde o punto de vista da fiscalización obsérvanse dúbidas sobre os requisitos esixidos no pliego de cláusulas administrativas e particulares e no cumprimento dos mesmos.

Pola Secretaría, infórmase que consta no expediente proposta da Mesa de Contratación e informe do Servizo de Contratación e Fomento, favorables á aprobación do asunto.

Pola Sra. Interventora maniféstase que, ante a situación, se prevé formular reparo suspensivo ao que habría que darlle o trámite recollido nos artigos 215 a 217 do R.D. Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, en consecuencia remitirase dito reparo ao Servizo de Contratación e Fomento ó obxecto de que emita o preceptivo informe, previo á resolución do Sr. Presidente.

5.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN DE EQUIPOS DE PROTECCIÓN INDIVIDUAL, ROUPA DE TRABAJO E UNIFORMIDADE, DESTINADOS Á PLANTILLA DA DEPUTACIÓN DE LUGO.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 07 de setembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade, destinados á plantilla da Deputación de Lugo. 2021/CON_02/000044.

Lote 1: Equipos de protección individual (EPI)

Lote 2: Ropa de traballo

Lote 3: Uniformidade



Primeiro.- Apertura de requirimento de documentación.

Segundo.- Proposta de adxudicación

Antecedentes:

Proposta de inicio de expediente de contratación e memoria xustificativa do contrato, con CSV: 7EQHK3GD4D3LU7YF4XD4POL41.

Prego de prescricións técnicas con CSV: IV7EQHK5NAWSRS4K2U7EIXSBBY.

Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7ESPHOFYZ5TTN5YRQFCRQCHY.

Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7ETS353T44SWB4SRVBMMKF6U.

Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7ETS2PBJE73KONCDQNN5IAKA.

Informe de fiscalización/intervención previa limitada del expediente, con CSV: IV7ETTQJNMBY7GROAFMUMJHW6A.

Proposta de Presidencia, con CSV IV7ETUJM3RMZ3KXDY74ACAQQL4.

Acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xuño de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7E433PFNJMVLVZWL6AOQR7KI.

Acta da Mesa de Contratación do día 29 de xullo de 2021, con CSV IV7E2KYY2EB7XPH23RNX75QC6I, que acordou o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos que obran na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores que presentaron oferta foron os seguintes:

LICITADORES	LOTES AOS QUE SE PRESENTA
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	1, 2, 3
VEYSE SUMINISTROS SL	1, 2, 3

Procédese á apertura dos Sobres A, resultando que Suministros Industriales Bello S.A. presenta o Anexo I sen cumprimentar o punto número 1, relativo a si a empresa ten ou non categoría de microempresa, pequena e mediana empresa (PEME) nin o punto número 17, relativo a si ten previsto ou non recorrer a capacidades doutras entidades.

A mesa de contratación acorda admitir todas as propostas presentadas ao proceso de adxudicación, condicionada, no caso de Suministros Industriales Bello S.A., á subsanación anteriormente referida.

A continuación, procédese a apertura dos sobres B, criterios avaliados automaticamente mediante fórmulas:

LICITADORES LOTE I: EPIS	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	26,1 %	3 días naturais	3 anos
VEYSE SUMINISTROS SL	10%	10 días naturais	2 anos

LICITADORES LOTE II: ROUPA DE TRABALLO	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	25,1 %	3 días naturais	3 anos
VEYSE SUMINISTROS SL	10%	20 días naturais	2 anos

LICITADORES LOTE III: ROUPA DE UNIFORMIDADE	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	20,1 %	5 días naturais	3 anos
VEYSE SUMINISTROS SL	10 %	20 días naturais	2 anos



Acto seguido, procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente (Notar que as proposicións que oferten 20 días nos lotes 1 e 2 /45 días no lote 3 serán valoradas con 0 puntos, segundo o regulado no PCAP):

LICITADORES LOTE I EPIS	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3	TOTAL
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	80	10	10	100 puntos
VEYSE SUMINISTROS SL	30,65	3	5	38,65 puntos

LICITADORES LOTE II ROUPA DE TRABALLO	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3	TOTAL
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	80	10	10	100 puntos
VEYSE SUMINISTROS SL	31,87	0	5	36,87 puntos

LICITADORES LOTE III ROUPA DE UNIFORMIDADE	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3	TOTAL
SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	80	10	10	100 puntos
VEYSE SUMINISTROS SL	39,80	2,50	5	47,30 puntos

A continuación realízase o cálculo para identificar a existencia de posibles baixas desproporcionadas ou anormais, sendo que ningunha oferta se atopa nesta situación, xa que en aplicación do establecido no art. 149.2 da LCSP, será considerado que, en principio, é desproporcionada ou anormal, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro, toda oferta (en canto ao termo prezo) que estea dentro dos supostos seguintes:

“(…) 2. Cando concorran dous licitadores, a que sexa inferior en máis de 20 unidades porcentuais á outra oferta”.

A Mesa de Contratación acordou requirir á empresa Suministros Industriales Bello S.A. para que, dentro do prazo de tres días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que se remita o requirimento, presente debidamente cumprimentado o Anexo I (punto número 1, relativo a si a empresa ten ou non categoría de microempresa, pequena e mediana empresa (PEME) e punto número 17, relativo a si ten previsto ou non recorrer a capacidades doutras entidades).

Visto canto antecede, a Mesa de Contratación, acordou por unanimidade adoptar a seguinte proposta de resolución, condicionada á subsanación do Anexo I pola empresa Suministros Industriales Bello S.A.:

Outorgar ás licitadoras admitidas as seguintes seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

LOTE I EPIS	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	100 puntos
2	VEYSE SUMINISTROS SL	38,65 puntos

LOTE II ROUPA DE TRABAJO	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	100 puntos
2	VEYSE SUMINISTROS SL	36,87 puntos

LOTE III UNIFORMIDADE	LICITADORES	PUNTUACIÓN
1	SUMINISTROS INDUSTRIALES BELLO S.A.	100 puntos
2	VEYSE SUMINISTROS SL	47,30 puntos

Requirir á empresa Suministros Industriales Bello S.A, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o



licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

LOTES	PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
LOTE I EPIS	184.990,00 €	9.249,50 €
LOTE II ROUPA DE TRABALLO	23.548,00 €	1.177,40 €
LOTE III UNIFORMIDADE	26.325,00 €	1.316,25 €

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”

Reunida a Mesa de Contratación o día de hoxe, 07 de setembro de 2021, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente. A empresa está inscrita no rolece.

Incorpórase informe do Servizo de Prevención de Riscos sobre a adecuación da proposta de artigos a entregar e respecto do cumprimento dos puntos 6 e 7 do PPT, e conclúe que :

“A empresa Suministros Industriales Bello, S.A. aportou as fechas técnicas dos EPI,s, roupa de traballo e uniformidade obxecto de contrato, que foron revisados por parte deste Servizo co obxecto de comprobar a súa adecuación ao especificado no devandito prego,

Informo,

Segundo o anteriormente exposto, considerase que nesta fase do proceso de contratación é axeitado e suficiente para dar cumprimento aos puntos 6 e 7 do Prego de Prescripcións Técnicas, sin perxucio de que en fases posteriores se soliciten mostras ou máis documentación”.

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles da acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

Ao respecto do requirimento para que a empresa presentara debidamente cumprimentado o Anexo I (punto número 1, relativo a si a empresa ten ou non categoría de microempresa, pequena e mediana empresa (PEME) e punto número 17, relativo a si ten previsto ou non recorrer a capacidades doutras entidades), infórmase á Mesa que aínda que a empresa non respondeu expresamente ao requirimento, dita información fora presentada no DEUC (documento europeo único de contratación), pola que enténdese cumprimentada a subsanación.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar á empresa Suministros Industriales Bello S.A. a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade, destinados á plantilla da Deputación de Lugo, polos seguintes importes máximos (ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, a licitación adxudicarase polo orzamento máximo orzamento de licitación, en caso de existir lotes polo orzamento base de licitación sinalado para cada un dos lotes, podendo requirir a administración contratante os artigos incluídos no contrato que precise ata o referido límite orzamentario):

LOTES	ORZAMENTO TOTAL ANUAL	21%	ORZAMENTO TOTAL ANUAL (CON IVE)
LOTE I: EPIS	184.990,00 euros	38.847,90 euros	223.837,90 euros
LOTE II: ROUPA DE TRABALLO	23.548,00 euros	4.949,08 euros	28.493,08 euros
LOTE III: ROUPA DE UNIFORMIDADE	26.325,00 euros	5.528,25 euros	31.853,25 euros
TOTAL	234.863,00 euros	49.321,23 euros	284.184,23 euros

A oferta da empresa para cada lote é a seguinte:

	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3
LOTE I: EPIS	26,1 %	3 días naturais	3 anos
LOTE II: ROUPA DE TRABALLO	25,1 %	3 días naturais	3 anos
LOTE III: ROUPA DE UNIFORMIDADE	20,1 %	5 días naturais	3 anos



Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 10:41 horas do día de referencia, de todo o cal eu a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, propónse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Suministros Industriales Bello S.A. a contratación da subministración de equipos de protección individual, roupa de traballo e uniformidade, destinados á plantilla da Deputación de Lugo, polos seguintes importes máximos (ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, a licitación adxudicarase polo orzamento máximo orzamento de licitación, en caso de existir lotes polo orzamento base de licitación sinalado para cada un dos lotes, podendo requirir a administración contratante os artigos incluídos no contrato que precise ata o referido límite orzamentario):

LOTES	ORZAMENTO TOTAL ANUAL	21%	ORZAMENTO TOTAL ANUAL (CON IVE)
LOTE I: EPIS	184.990,00 euros	38.847,90 euros	223.837,90 euros
LOTE II: ROUPA DE TRABALLO	23.548,00 euros	4.949,08 euros	28.493,08 euros
LOTE III: ROUPA DE UNIFORMIDADE	26.325,00 euros	5.528,25 euros	31.853,25 euros
TOTAL	234.863,00 euros	49.321,23 euros	284.184,23 euros

A oferta da empresa para cada lote é a seguinte:

	PORCENTAXE DE BAIXA SOBRE PREZOS UNITARIOS CRITERIO 1	PRAZO ORDINARIO DE ENTREGA CRITERIO 2	PRAZO DE GARANTÍA CRITERIO 3
LOTE I: EPIS	26,1 %	3 días naturais	3 anos
LOTE II: ROUPA DE TRABALLO	25,1 %	3 días naturais	3 anos
LIC LOTE III: ROUPA DE UNIFORMIDADE	20,1 %	5 días naturais	3 anos

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- A duración do contrato será de un ano a contar desde o día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato.

Existe posibilidade de prórroga por un ano.

4º.- Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato ascende a 312.602,66 euros (no importe contéplase o recollido o regulada no artigo 301.2 da LCSP: podéndose incrementar o importe ata un 10% do prezo do contrato, a que se refire o artigo 205.2.c.3º, sen que sexa preciso tramitar o correspondente expediente de modificación) , e financíase de acordo as seguintes anualidades:

ROUPA DE TRABALLO E EPIS						
CENTRO	LOTE	APLICACIÓN	IMPORTE AÑO	IMPORTE 2021(50%)	IMPORTE 2022	MODIFICADO
PARQUE MOBIL	1	9201.22104	36.504,00	18.252,00	14.933,45	3.318,55
	2	9201.22104	8.119,10	4.059,55	3.321,45	738,10
	3	9201.22104	9.183,90	4.591,95	3.757,05	834,90
GRANXA PROVINCIAL (IVE DEDUCIBLE)	1	4120.22104	22.585,20	11.292,60	9.239,40	2.053,20
	2	4120.22104	2.593,80	1.296,90	1.061,10	235,80
UNIDADE DE MANEMENTO	1	9200.22104	22.690,89	11.345,45	9.282,65	2.062,80
	2	9200.22104	1.905,99	953,00	779,72	173,28
MEDIO AMBIENTE	1	1720.22104	665,50	332,75	272,25	60,50
	2	1720.22104	319,44	159,72	130,68	29,04
CENTRO DE ARTESANIA E DESEÑO	1	2413.22104	1.323,01	661,51	541,23	120,28
	2	2413.22104	765,33	382,67	313,10	69,57
REDE MUSEISTICA	1	3330.22104	5.851,08	2.925,54	2.393,62	531,92
	2	3330.22104	7.986,00	3.993,00	3.267,00	726,00
SERV. EXPROIACIONES	1	4500.22104	2.821,72	1.410,86	1.154,34	256,52
SERV.VÍAS E OBRAS	1	4500.22104	15.599,32	7.799,66	6.381,54	1.418,12
CENTROS DE ATENCIÓN A MAIORES	1	2315.22104	107.877,55	53.938,78	44.131,73	9.807,05
	2	2315.22104	17.003,53	8.501,77	6.956,00	1.545,77
SERV. DE AUDIOVISUAIS	1	3241.22104	11.340,12	5.670,06	4.639,14	1.030,92
ARQUIVO	1	9200.22104	106,48	53,24	43,56	9,68
PAZO DOS DEPORTES	1	3420.22104	713,42	356,71	291,85	64,86
SERV. DE PREVENCIÓN	1	9200.22104	13.400,51	6.700,26	5.482,04	1.218,22
	2	9200.22104	90,51	45,25	37,02	8,23
PORTERIA	3	9200.22104	17.868,68	8.934,34	7.309,91	1.624,43
SUMA			307.315,08	153.657,54	125.719,81	27.937,72
IVE GRANJA			5.287,58	2.643,79	2.163,10	480,69
TOTAL			312.602,66	156.301,33	127.882,91	28.418,41
**Nos importes inclúese a modificación do 10% prevista no PCA. (Artigo 301.2 da LCSP)						



Existe consignación no orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 156.301,33 euros para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 a cantidade sinalada na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da formalización.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DAS PRESTACIÓNS A PERSOAS MAIORES NO CAM DE MEIRA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Vista a Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 02 de setembro de 2021, na que se recollen os seguintes antecedentes e consideracións:

“Antecedentes:

Anuncio Previo publicado na Plataforma de Contratos do Sector Público en data 12 de marzo de 2021.

Providencia de inicio de expediente de contratación, con CSV IV7HGQKCYEGKQS72SMOVOE2TAU.

Prego de prescricións técnicas elaborado pola Sección de Benestar Social e Igualdade con CSV IV7HGC3LZMULUTNPC7UNGYBQ6Y.

Informe de Intervención de consignación orzamentaria, con CSV: IV7HGG6HYM7ZCN64MNBAQXRIY.

Memoria xustificativa, elaborada pola Sección de Benestar Social e Igualdade, con CSV: IV7EU375MFVMZCUNUF6WG5COOY.

Prego de cláusulas administrativas particulares, elaborado polo Servizo de Contratación e Fomento, con CSV IV7EUYCSFQZ5TT6TUE6AGIZWA4.

Informe xurídico, conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7EUYBJF5V55KF76UHG73TFJ4.

Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7EU6TZHIB7VVM5AL4U4DYRP4.

Proposta de Presidencia, con CSV: IV7EU7Y3BQ423GHL4B4HMDTGGE.

Acordo da Xunta de Goberno de data 07 de maio de 2021, polo que se aproba o expediente de contratación, os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, o procedemento de adxudicación e o gasto proposto, con CSV: IV7EUKZILEZJ3T7CYJY4C5YUKE.

Acta da Mesa de Contratación do día 31 de maio de 2021, con CSV IV7EQDPNJTW452VJQBASPYPKTE4, que recolle o seguinte:

“Deuse conta que, segundo os datos obrantes na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron os seguintes:

Grupo Sociosanitario Navia SL.

Serge Lucense S.A.

Troncoso Casares, S.L.



Tendo en conta que as empresas concorrentes presentaron en tempo e forma as súas propostas, procédese á apertura e exame do sobre A, documentación administrativa, resultando que as licitadoras presentan a declaración responsable esixida nos pregos de cláusulas administrativas debidamente.

A Mesa de Contratación acorda admitir as propostas ao proceso de adxudicación e proceder á apertura do sobre B (sobre electrónico), relativo aos criterios avaliábles mediante xuízo de valor, recollidos no PCAP, resultando que as licitadoras presentan a memoria técnica, seguindo o índice previsto nos pregos.

A Mesa acorda enviar a documentación contida no sobre B presentado pola licitadora a informe e valoración do Servizo de Benestar Social e Igualdade.”

Acta da Mesa de Contratación do día 05 de agosto de 2021, con CSV IV7EE3LZZYM33KUZ446GOM3U74, que recolle o seguinte:

“Con anterioridade á celebración da Mesa, enviouse copia aos asistentes do informe de data 28 de xullo de 2021, de avaliación das ofertas técnicas presentadas polas licitadoras, con CSV IV7E2DX4ABH5USVLYAMMCQLH74, asinado por Dna. Silvia García López, Xefa de Servizo de Benestar Social e Igualdade, que asiste á Mesa para as explicacións que procedan e realiza un breve resumo do informe.

Indica que para realizar a valoración técnica relativa ao criterio nº 5: calidade e viabilidade técnica da proposta para as prestacións contratadas, realizouse en primeiro lugar unha lectura completa de cada unha das memorias achegadas polas licitadoras Serge Lucense, S.A.; Grupo Sociosanitario Navia, S.L.; e Troncoso Casares, S.L.. Posteriormente realizouse unha análise mais detallada, tendo en conta os subcriterios: coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta; organización, descrición e planificación das prestacións; calidade prestacional, establecidos no expediente de contratación. Da primeira lectura e análise comprobouse que a primeira licitadora (Serge Lucense SA), non presentara unha memoria seguindo o guión establecido na memoria técnica do expediente de contratación e PCAP, achegando unha relación de protocolos, os cales se definían, pero non se detallaban exhaustivamente, sendo na maioría dos casos de difícil comprobación no caso de ser finalmente adxudicataria no desenvolvemento das prestacións obxecto do contrato, así como comprobar na execución que se cumpriría o ofertado. As outras dos licitadoras, por contra, si achegaron unha memoria seguindo a estrutura da memoria técnica,

recollendo nelas a maioría dos conceptos requiridos, sendo o nivel de detalle, precisión e coherencia co modelo prestacional a memoria presentada por Troncoso Casares SL. As avaliacións das dos licitadoras Grupo Sociosanitario Navia, S.L. e Troncoso Casares, S.L. en coherencia, racionalidade, estrutura e detalle da proposta e organización, descrición e planificación das prestacións, en ambos casos foron positivas, xa que definiron os modelos prestacionais coherentes co reflectido nos PPT, en liñas xerais, salientando o nivel de detalle e concreción no caso de Troncoso Casares, principalmente en relacións de medios materiais e humanos. No caso do último subcriterio Calidade prestacional, notar que existe unha diferenza significativa entre a proposta de Troncoso Casares a o Grupo Sociosanitario Navia, SL., se ben esta presenta unhas ideas interesantes e coherentes co resto da memoria, no caso de Troncoso Casares SL, presenta un nivel de concreción maior e mais estratexias, relativas aos sistemas de xestión, etc. que no caso de ser adxudicataria si sería de fácil comprobación.”

Finalmente detállase a puntuación por subcriterios e puntuacións finais:

B. CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR	Ponderación máxima	Puntuación asignada		
CRITERIO Nº 5: CALIDADE E VIABILIDADE TÉCNICA DA PROPOSTA PARA AS PRESTACIÓNS CONTRATADAS:		SERGE LUCENSE, S.A. A27272772	GRUPO SOCIO SANITARIO NAVIA, S.L. B27515030	TRONCOSO CASARES, S.L. B32353195
1- Coherencia, racionalidade, estrutura e detalle e viabilidade das prestacións obxecto do contrato	10	2	5	7
2- Organización, descrición e planificación e a súa viabilidade das prestacións obxecto do contrato	10	1	5	7
3- Calidade e adaptación, e a súa viabilidade das prestacións obxecto do contrato	10	1	4	8
TOTAL CRITERIOS CUALITATIVOS, CUANTIFICABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR	30	4	14	22

O Presidente da Mesa pregunta, con relación ó subcriterio 2 (Organización, descrición e planificación e a súa viabilidade das prestacións obxecto do contrato), dada a similitude na descrición da avaliación entre as licitadoras Grupo Sociosanitario Navia, S.L. e Troncoso Casares, S.L, cómo se traslada á diferente avaliación en puntos entre ambos. A informante toma a palabra indicando que no caso de Troncoso Casares SL, detállase mais exhaustivamente a súa proposta e engade cadros de organización de medios persoais, que a outra licitadora non achega, remitíndose a citar o establecido nos PPT e polo tanto, non engadindo nada do xa establecido. Así, o organigrama presentado por Troncoso, avalíase positivamente por establecer nel perfectamente os fluxos de comunicación coa coordinación entre a posible adxudicataria e a Deputación de Lugo, o seu



persoal, algo de gran importancia para a execución das prestacións obxecto do contrato, así como, o nivel de concreción da proposta realizada. O Presidente sinala que queda aclarada a diferenza.

O informe foi asumido polos integrantes da mesa de contratación. As puntuacións son as que se reproducen no cadro precedente.

Apertura criterios avaliados automaticamente.

Acto seguido procedeuse á apertura do sobre C (criterios cuantificables mediante cifras, porcentaxes ou valores automáticos), sendo as ofertas presentadas polas licitadoras as seguintes:

Serge Lucense SL

CAM MEIRA	Precio unitario sin IVA	IVA	Precio IVA incluido
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persona usuaria con autonomía	39,11€/día	1,56€	40,67€/día
Persona usuaria dependiente	43,09€/día	1,72€	44,81€/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persona usuaria jornada completa	21,13€/día	0,84€	21,97€/día
Persona usuaria 1/2 jornada	15,44€/día	0,62€	16,06 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5€	0,2€	5,20 €
Comida secundaria	1,75€	0,07€	1,82 €
Hora extra atención	4,25€	0,17€	4,42€

A licitadora comprométese:

Á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar tres eventos extras amenizados con actividades, persoal, actuacións, música, grupos de baile, teatro o similar, con ágape.

A realizar dúas técnica de salón de peiteado-barbería e dúas sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

Grupo Sociosanitario Navia S.L.

CAM MEIRA	Prezo unitario sen IVE	IVE	Prezo IVE incluído
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	39,50 €/día	1,58 €	41,08 €/día
Persoa usuaria dependente	43,75 €/día	1,75 €	45,50 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria Xornada Completa	22,30 €/día	0,89 €	23,19 €/día
Persoa usuaria ½ Xornada	16,00 €/día	0,64 €	16,64 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	6,00 €	0,24 €	6,24 €
Comida secundaria	2,00 €	0,08 €	2,08 €
Hora extra atención	4,33 €	0,17 €	4,50 €

A licitadora comprométese:

Á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo.

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar tres eventos extras amenizados con actividades, persoal, actuacións, música, grupos de baile, teatro o similar, con ágape.

A realizar dúas técnica de salón de peiteado-barbería e dúas sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

Troncoso Casares, S.L.

CAM MEIRA	Prezo unitario s/IVE	IVE (4%)	Prezo IVE incluído
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	39,49 €/día	1,58 €	41,07 €/día
Persoa usuaria dependente	43,74 €/día	1,75 €	45,49 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria xornada completa	22,29 €/día	0,89 €	23,18 €/día
Persoa usuaria ½ xornada	15,99 €/día	0,64 €	16,63 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5,99 €	0,24 €	6,23 €
Comida secundaria	1,99 €	0,08 €	2,07 €
Hora extra atención	4,32 €	0,17 €	4,49 €

A licitadora comprométese:



Á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar tres eventos extras amenizados con actividades, persoal, actuacións, música, grupos de baile, teatro o similar, con ágape.

A realizar dúas técnica de salón de peiteado-barbería e dúas sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

Valoración criterios avaliados automaticamente.

Procedeuse á valoración dos criterios avaliados automaticamente que, sumados á puntuación dos criterios sometidos á xuízo de valor, da o seguinte resultado (notar que, segundo se recolle no PCAP, obterán unha puntuación de cero puntos aquelas ofertas económicas nas que os prezos unitarios ofertados coincidan cos respectivos prezos de licitación:

			SERGE LUCENSE S.L.	GRUPO SOCIOSSANITARIO NAVIA S.L.	TRONCOSO CASARES S.L.	SERGE LUCENSE S.L.	GRUPO SOCIOSSANITARIO NAVIA S.L.	TRONCOSO CASARES S.L.
	Puntos	Prezos licitación	OFERTA			VALORACION		
PUNTUACIÓN SOBRE B	30,00					4,00	14,00	22,00
PUNTUACIÓN CRITERIOS AUTOMÁTICOS	70,00					70,00	35,00	69,21
1. OFERTA ECONÓMICA	35,00					35,00	0,00	34,21
Persoa con Autonomía	6,00	41,08	40,67	41,08	41,07	6,00	0,00	5,94
Persoa dependente	21,00	45,50	44,81	45,50	45,49	21,00	0,00	20,69
Persoa Xornada completa	4,00	23,19	21,97	23,19	23,18	4,00	0,00	3,79
Persoa media xornada	3,00	16,64	16,06	16,64	16,63	3,00	0,00	2,90
Comida principal	0,40	6,24	5,20	6,24	6,23	0,40	0,00	0,33
Comida secundaria	0,30	2,08	1,82	2,08	2,07	0,30	0,00	0,26
Horas de atención	0,30	4,50	4,42	4,50	4,49	0,30	0,00	0,30
2. CONTRATACION AXENCIA	10		SI	SI	SI	10,00	10,00	10,00
3.1. SAÍDA AUTOCAR	5		3	3	3	5,00	5,00	5,00
3.2. EVENTO EXTRA	5		3	3	3	5,00	5,00	5,00
4. PRESTACIÓNS COMPLEMENTARIAS	15		2+2	2+2	2+2	15,00	15,00	15,00
			PUNTUACIÓN TOTAL			74,00	49,00	91,21

Comprobase que as ofertas económicas non se atopan en presunción de desproporcionadas ou anormalmente baixas, segundo o disposto no artigo 149 da LCSP.

Mellor valorado. Requirimento de documentación.

Visto canto antecede, a mesa de contratación, acordou por unanimidade elevar ao órgano de contratación a seguinte Proposta de Resolución:

Outorgar aos licitadores admitidos as seguintes puntuacións e clasificalos atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

ORDE	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1	TRONCOSO CASARES S.L.	91,21
2	SERGE LUCENSE S.L	74,00
3	GRUPO SOCIOSANITARIO NAVIA S.L	49,00

Requirir á empresa Troncoso Casares S.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, a documentación á que se refire o artigo 150.2 da LCSP e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas -sempre que non se tivese aportado con anterioridade ou non conste no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado (rolece) nin no Rexistro Xeral de Contratistas de Galicia- e acredite a efectiva disposición dos medios que se tivese comprometido a adscribir á execución do contrato e a constitución da garantía definitiva polos importes que se relacionan acto seguido, significándolle que, de conformidade co establecido no artigo 150.2 da LCSP, de non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose a esixir o importe do 3 por cento do presuposto base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

PREZO DE ADXUDICACIÓN	IMPORTE DA GARANTÍA
599.516,12 €	29.975,81 €

Contra o presente acordo, por tratarse dun acto de trámite non contemplado no artigo 112.1 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, non cabe recurso algún, podendo o interesado manifestar a súa oposición para ser considerada na resolución que poña fin ao procedemento.”



Reunida a Mesa de Contratación a día de hoxe, 02 de setembro, aos efectos de examinar a documentación do artigo 150 da LCSP, infórmase que a licitadora presentou a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, en prazo, a documentación requirida pola Mesa na sesión precedente.

Dase conta do informe emitido polo servizo de Benestar con CSV: IV7FUHZY3ANC725PWUP56ZJOKU, en canto ao cumprimento da acreditación da solvencia técnico-profesional. O informe conclúe que “En conclusión, a xuízo de quen subscribe enténdese acreditada a solvencia técnica de Troncoso Casares SL co CIF B32353195, en relación ao expediente de contratación das prestacións nos centros de atención a persoas maiores do municipio de Meira 2021/CON_02/000015, que nos ocupa.”

Tendo en conta que aos membros da mesa, de forma previa a celebración da mesma, se lles dá acceso ao expediente electrónico aos efectos de poder consultar toda a documentación que o integra; ao non facer observación ningunha neste senso enténdese que a documentación presentada é correcta.

A Mesa de Contratación, vista a documentación presentada, por unanimidade dos seus membros, acorda propoñer que, pola Xunta de Goberno, previa fiscalización, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Troncoso Casares S.L. a Contratación das prestacións a Persoas Maiores no CAM de Meira. 2021/CON_02/000015 polos seguintes prezos unitarios:

CAM MEIRA	Prezo unitario s/IVE	IVE (4%)	Prezo IVE incluído
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	39,49 €/día	1,58 €	41,07 €/día
Persoa usuaria dependente	43,74 €/día	1,75 €	45,49 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria xornada completa	22,29 €/día	0,89 €	23,18 €/día
Persoa usuaria 1/2 xornada	15,99 €/día	0,64 €	16,63 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5,99 €	0,24 €	6,23 €
Comida secundaria	1,99 €	0,08 €	2,07 €
Hora extra atención	4,32 €	0,17 €	4,49 €

A licitadora comprométese:

Á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar tres eventos extras amenizados con actividades, persoal, actuacións, música, grupos de baile, teatro o similar, con ágape.

A realizar dúas técnica de salón de peiteado-barbería e dúas sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

Dar traslado da presente proposta de acordo ao departamento de Intervención para que proceda á fiscalización previa da adxudicación aos efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as 14:22 horas do día de referencia, de todo o cal eu e a Secretaria da Mesa, Certifico.

A presente asínase de xeito dixital, deixando constancia do acontecido na sesión da mesa de contratación sinalada no encabezado.”

Vista a fiscalización previa de conformidade, proponse que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

1º.- Adxudicar á empresa Troncoso Casares S.L. a Contratación das prestacións a persoas maiores no CAM de Meira. 2021/CON_02/000015 por un importe de 599.516,12 €, mais 23.980,64 € en concepto de imposto sobre o valor engadido (4% IVE), o que fai un total de 623.496,76 €.

O prezo contractual ven formado en prezos unitarios ofertados pola empresa referidos a distintos ítems de persoa usuaria/día ou unidade, tal como permite o art. 102.4 da LCSP. Os prezos unitarios ofertados pola licitadora son os que se indican a continuación.



CAM MEIRA	Prezo unitario s/IVE	IVE (4%)	Prezo IVE incluído
PRESTACIÓN EN ATENCIÓN RESIDENCIAL			
Persoa usuaria con autonomía	39,49 €/día	1,58 €	41,07 €/día
Persoa usuaria dependente	43,74 €/día	1,75 €	45,49 €/día
PRESTACIÓN EN CENTRO DE DÍA/ATENCIÓN DIÚRNA			
Persoa usuaria xornada completa	22,29 €/día	0,89 €	23,18 €/día
Persoa usuaria 1/2 xornada	15,99 €/día	0,64 €	16,63 €/día
INCREMENTOS SERVICIOS ATENCIÓN DIÚRNA			
Comida principal	5,99 €	0,24 €	6,23 €
Comida secundaria	1,99 €	0,08 €	2,07 €
Hora extra atención	4,32 €	0,17 €	4,49 €

A licitadora comprométese:

Á contratación de persoal para a execución do contrato a través da Axencia de Colocación da Deputación de Lugo

A realizar tres saídas/ano en autocar adaptado (xantar e merenda).

A realizar tres eventos extras amenizados con actividades, persoal, actuacións, música, grupos de baile, teatro o similar, con ágape.

A realizar dúas técnica de salón de peiteado-barbería e dúas sesión de quiropodia ao mes, de balde, para persoa usuaria en atención residencial ou en atención diúrna a xornada completa e proporcionalmente á media xornada de atención diúrna.

A licitación adxudícase polo orzamento máximo (orzamento de licitación), podendo requirir a administración contratante o número de traballos incluídos no contrato que precise ata o referido límite orzamentario.

2º.- Son condicións especiais ás que se lles atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do art. 211.1.f), en cumprimento do previsto no art. 202, ambos da LCSP, e polo tanto terán esta condición as obrigas recollidas na cláusula 22.2 do PCAP.

3º.- A duración será desde o día seguinte ao da subscripción da acta de inicio do contrato ou, no seu defecto, desde o día seguinte á formalización do contrato ata o 20 de xuño de 2022. O inicio das prestacións e polo tanto o inicio do contrato está supeditado á obtención das autorizacións sectoriais, con especial mención as establecidas para os servizos sociais, e á situación sanitaria.

Existe posibilidade de prórroga, ata o 17 de abril de 2023, momento no que remata a vixencia do convenio marco e convenio específico que son a base da presente licitación.

4º.- Polo que se refire ás obrigas que se deriven da presente contratación o importe do contrato ascende a 623.496,76 euros, e financiase de acordo as seguintes anualidades:

ANUALIDADE	APLICACIÓN	IMPORTE 2021
2021 (data estimada de comienzo 01.10.2021)	2315.22799	215.825,80 euros
2022	2315.22799	407.670,96 euros
		623.496,76 €.

Existe consignación no orzamento de gastos do 2021, pola cantidade de 215.825,80 euros para a anualidade 2021.

A Deputación adquire o compromiso, supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e de cumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, de incluír no orzamento da anualidade 2022 a cantidade sinalada na aplicación indicada.

Por tratarse dun gasto de carácter plurianual os devanditos gastos financiaranse conforme ao disposto no artigo 174 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais.

5º.- Publicar no sitio web da Deputación de Lugo no menú servizos -perfil do contratante (<http://www.deputacionlugo.org/> ou www.contrataciondelestado.es), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP.

6º.- Instar, de conformidade co disposto no artigo 153 da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, e que terá lugar unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles a contar desde a remisión da notificación da adxudicación aos licitadores, sen que se houbera interposto recurso especial en materia de contratación, que leve aparellada a suspensión da



formalización , quedando demorada a formalización á efectiva disposición das autorizacións necesarias para o inicio da prestación,de conformidade co establecido no PCAP.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Proposta relativa ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a celebración do Festival independente de Vilalba (Anualidade 2021).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Consta diversa documentación incorporada ao expediente e o informe do servizo de Turismo que se transcribe:

(...)

En relación cos escritos, presentados por dona Elba Veleiro Fernández con NIF:***2471**, en nome e representación do Concello de Vilalba, con CIF: P-2706500-B, con data 26/07/2021 (RE, nº: 2021RPE021233), mediante os que solicita unha achega económica no marco dunha relación interadministrativa de cooperación (público-público) para a realización conxunta polo Concello de Vilalba e a Deputación Provincial de Lugo dunha actividade na que conflúen os respectivos títulos competenciais para o fin común da celebración do “FIV2021 (Festival Independente de Vilalba)” na anualidade 2021, procede emitir o seguinte informe:

Fundamentos xurídicos.

A relación interadministrativa de cooperación (público-público) que se pretende coa formalización do convenio para a celebración do “FIV2021 (Festival Independente de Vilalba)” enmárcase no escenario dunha colaboración institucional cunha vontade e fins compartidos, de conformidade co precisado nas estipulacións do mesmo e referentes á súa vixencia e natureza xurídica, atendendo ao previsto no artigo 47.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público en adiante LRXSP), sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer que “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios inter-administrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

Neste caso estamos ante un convenio interadministrativo. As normas deste capítulo da Lei 40/2015, do 1 de outubro, non se aplican ás encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional dos procedementos administrativos (art. 48. 9 da LRXSP).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das Disposicións legais vixentes en materia de réxime local recolle que: “As entidades locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios aos intereses público, ao ordenamento xurídico e aos principios de boa transparencia, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas no seu caso en favor de ditas entidades”.



A Memoria explicativa e xustificadora da solicitude sinala que os fins comúns de subscrición do convenio interadministrativo refírense ao proxecto músico cultural e turístico denominado FIV2021 (Festival Independente de Vilalba) na anualidade 2021, responden a un interese xeral en virtude da promoción cultural, musical e turística que se pretende co mesmo, enfocada a promoción do territorio.

O Festival Independente de Vilalba, celebrárase durante as datas 17, 18, e 19 de setembro de 2021 na praza da Constitución de Vilalba e na explanada do campo da feira de Vilalba. É un festival que naceu no ano 2008 como un evento sen ánimo de lucro, convertíndose ao longo das súas 12 edicións nun referente do Indie-Rock nacional, e un motor económico para a vila de Vilalba. Achegando a cultura musical máis actual a cidade, o FIV xera un impacto positivo en todos os aspectos: económico, turístico e social.

Efectivamente, da lectura do Convenio Interadministrativo de actuación a subscribir entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Vilalba, resulta que o seu contido compatibiliza coas competencias do ente provincial en canto aos fins e competencias da Deputación Provincial, fundamentalmente a que se menciona no artigo 36 apartado d) da LBRL, que se refire á cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso tamén se pronuncia o artigo 109 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia, ao sinalar que serán competencias propias da Deputación as que baixo este concepto lles atribúan as Leis, considerando como competencia propia da Deputación, en calquera caso e entre outras, a mencionada no apartado d) en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

Así mesmo, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución, non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no art. 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Subvencións.

En canto ao órgano competente para a aprobación do convenio, resulta de aplicación o artigo 59.18 do Regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial, publicado no BOP nº 202, de data 3 de setembro de 2020, que sinala que lle corresponde á Xunta de Goberno aprobar convenios de colaboración con outras entidades locais, organismos e administracións públicas, nos mesmos termos e condicións que os sinalados para a determinación da competencia en contratación, sempre que a devandita competencia non lle sexa atribuída ao presidente/a; e tendo en conta o establecido no artigo 118.1 Lei 9/2017, de 8 de novembro de contratos do sector público, que fixa o importe dos contratos menores nunha contía inferior a 15.000,00 €, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno da Deputación, atendendo ao importe económico do Convenio.

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 20.000,00 € o que representa o 7,62% da actuación para afrontar os gastos que se deriven da execución deste convenio e o cumprimento dos seus fins. O Concello de Vilalba, de acordo co orzamento previsto, aportara 190.492,90€ o que representa o 72,57% da actuación, e indica que conta con outras fontes de financiamento por importe de 52.000,00 €, (Patrocinios privados por importe de 12.000,00€ e unha subvención da AGADIC de 40.000,00€), o que representa un 19.81% da actuación, resultando un importe total orzamentario de 262.492,90€, aportara os permisos e autorizacións para a súa correcta execución, e



financiará, no seu caso, o importe que reste, e resulte para dar cumprimento ao fin común perseguido, así como todos os compromisos recollidos no modelo de convenio que consta no expediente.

Considerando os antecedentes expostos, á vista da documentación achegada, e no seu caso dos informes que procedan, infórmase favorablemente: a aprobación do Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do FIV2021 (Festival independente de Vilalba” (anualidade 2021).

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno da Deputación se adopte a seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do “Convenio Interadministrativo de Cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Vilalba para a execución dos fins comúns consistentes na celebración do “FIV2021 (Festival Independente de Vilalba” (anualidade 2021) por importe total de 262.492,90 €.

2º.- Aprobar o gasto de 20.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4320.46200 do vixente orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2021, a favor do Concello de Vilalba, para sufragar os gastos derivados da “FIV2021 (Festival Independente de Vilalba” (anualidade 2021).”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO PROXECTO "TECER PARA INTEGRAR".

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Deportes, Artesanía e Deseño e Memoria Histórica, do seguinte teor:

“Visto o informe da Responsable Coordinadora II do Centro de Artesanía e Deseño, o cal di:

Proxecto Tecer para integrar

Contexto e antecedentes

O Centro de Artesanía e Deseño ten entre as súas atribucións a formación de novos artesáns en calquera das disciplinas artesanais recoñecidas en Galicia. Unha delas con forte demanda neste momento é a de modista. As academias tradicionais de corte e confección foron desaparecendo para dar paso a escolas privadas ou estudos de grao medio e superior de deseño, enfocados nun modelo industrial esgotado que inicia un camiño de reestructuración hacia a sustentabilidade. Aos poucos van agromando novas iniciativas ao redor da chamada moda lenta, que rexeitan o modelo de produción dunha industria considerada a segunda mais contaminante do planeta, para retornar a un modo de produción mais respetuosa co medio ambiente e cas persoas. Con todo, na provincia de Lugo son escasas as posibilidades de formación neste eido, moito menos cando falamos de ter un mínimo aproveitamento de horas lectivas que garantan unha boa base profesional cun enfoque sustentable. Por iste motivo, e aproveitando a oportunidade que nos brinda o feito de dispoñer no Centrad dunha serie de máquinas de coser que non se usan (por peche por xubilación dos obradoiros de Traxe Tradicional e Tapicería), consideramos que sería moi interesante abordar o proxecto que se presenta desde a perspectiva da sustentabilidade e a inclusión social.

Obxectivo

Tecer para integrar é un proxecto de capacitación integral rexido polos principios 3R (redución, reutilización e reciclaxe) que ten por obxecto capacitar a novos artesáns na disciplina de modistería e no ámbito da economía social.

Resultados agardados Os participantes que cumpran con aproveitamento o programa, contarán por un lado co coñecemento e formación técnica que lles permitirá acceder á Carta de



Artesán, e por outro coas habilidades e recursos básicos que facilitarán a súa inclusión laboral e produtiva.

Descrición do proxecto.

Número de horas 638 Número de beneficiarios 15.

Desenvolvemento.

Nunha primeira fase procederase ao copio de maquinaria, ferramentas, utillaxe, mobiliario e materiais, sempre baixo os principios 3R (redución, reutilización e reciclaxe). Paralelamente realizarase a montaxe dun taller de corte e confección nas instalacións cedidas polo Concello. A continuación abordarase directamente a formación de iniciación en técnicas de patronaxe e confección de prendas de vestir, que se completará cunha primeira toma de contacto, a través de conferencias, visitas e demostracións, co novo modelo da industria téxtil, as boas prácticas de moda sostible e os obradoiros artesanais galegos dedicados ao tecido e a confección. Así mesmo @s alumn@s contarán co apoio e asistencia para o desenvolvemento de habilidades sociais, motivación para o emprego, alfabetización dixital e recursos para as xestións con diferentes administracións, segundo o programa que se especifica no seguinte apartado.

Programas.

Patronaxe, corte e confección: Patronaxe: Patróns base e o seu escalado (250h) - Patróns base e escalado - Toma de medidas do corpo - Patróns base de saias e os seus escalado - Patróns base de vestido, corpo e o seu escalado - Mangas e a súa adaptación ao corpo - Pescozos e adaptación - Pantalóns (dona e cabaleiro) e o seu escalado - Chaquetas e abrigos (dona e cabaleiro) - Cazadoras - Roupas interior - Complementos (carapuchas, gorras e luvas).

Corte e confección (300h) - Fibras naturais, artificiais e sintéticas - Análises para a elección do tecido - Corte e confección (recto fío e rumbos, cremalleiras visibles e invisibles, petos de ollal, tapetas de fol e petos interiores; montaxe de prensas, mangas e pescozos, entretelado de camisas, chaquetas, abrigos, cintos, panos e pescozos) - Adaptación de pezas (traballo sobre maniquí).

Conferencias.

Estudo e presentación sobre o novo paradigma na industria téxtil (2h).

Estudo e presentación de boas prácticas de moda sostible (2h).

Estudo e presentación dos oficios artesanais galegos ligados ao mundo da moda (2h).

Demostracións de oficios artesanais do mundo do tecido e a confección.

Demostración tecido macramé (4h).

Demostración tecido de cintas (4h).

Demostración serigrafía artesanal (4h).

Demostración tampografía artesanal (4h).

Demostración bordado básico (4h).

Demostración bordado sobre fotografía (4h).

Visita aos talleres de Tina Cortón, Sara Lage, Montse Arias e Traxandaina (2+2+2+2h).

Autocoñecemento de desenvolvemento de habilidades sociais.

Avaliación da motivación: valores e prioridades.

Exploración da identidade cultural, a experiencia vital e o pensamento creativo.

Definición e fortalecemento do autoconcepto e autoestima.

Manexo das emocións, do estrés, e do pensamento creativo.

Descubrimento de fortalezas, talentos.

Práctica de comunicación asertiva, de dinámicas de cohesión grupal, de resolución de conflitos, e de técnicas de automotivación.

Alfabetización dixital e manexo de recursos ante diferentes administración.

Nocións básicas de navegación, búsqueda de recursos, e seguridade en internet e a través do móbil.

Trámites xerais ante as diferentes Administracións locais, autonómicas e estatais.



Autoemplego.

Motivación cara o emprego,
Planificación para a procura de emprego,
Procesos de selección de persoas,
Entrevistas e roll-playing,
Alfabetización dixital

Servizos a contratar e consignación orzamentaria

Para levar a cabo este proxecto serían necesarias as seguintes contratacións:

Reparación e posta a punto de máquinas de coser 1.900 €.

Formación en técnicas de corte e confección 11.000 €.

Coordinación, acompañamento e asistencia ás persoas en risco de exclusión social 8.900 €.

Xestión de recursos 3R (para a redución, reutilización e reciclaxe) 6.000 €.

Conferencias ao redor do novo paradigma no mundo da moda, boas prácticas sostibles e obradoiros artesanais galegos dedicados ao tecido e a confección 600 €.

Demostracións de oficios artesanais vinculados ao mundo da moda 1.800 €.

Deseño gráfico da identidade do proxecto 1.050 €.

Realización vídeo de seguimento do proxecto 6.000 €.

O importe total suma a cantidade de: 37.250,00 €.

Fundamentos de dereito.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, unha competencia propia da Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da

provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na vixente redacción).

Asemade, salientar a regulación recollida no artigo 3.3 da Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local, en canto determina aqueles supostos que non consideran como o exercicio de novas competencias, precisando entre outros a continuidade da actividade de fomento xa establecida en exercicios anteriores, etc.

Esta mesma Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no art. 118, sobre o fomento e administración dos intereses peculiares da Provincia, sinala que corresponde a Provincia rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento dos mesmos e, en especial, a organización de concursos e exposicións e de calquera actividade cuxa finalidade sexa o fomento en materia de cultura, educación e deporte.

Informo.

Polo anteriormente exposto considero procedente a aprobación do proxecto Tecer para integrar por un importe de 37.250,00 €.

Polo cal, propono á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación do proxecto Tecer para integrar por un importe de 37.250,00 €.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CONCESIÓN DOS PREMIOS “LUGO CAMBIA AO TURISMO LUCENSE” E “...E PARA COMER, LUGO” Á GASTRONOMÍA LUCENSE” (ANUALIDADE 2021).

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que con data 28 de maio de 2021 a Xunta de Goberno desta Deputación acordou a aprobación do gasto, da convocatoria e das bases reguladoras da concesión, en réxime de concorrência competitiva, dos premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e “...E, para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” para a anualidade 2021.

Vista a acta do Consello Extraordinario de Turismo celebrado con data 2 de setembro de 2021 no Pazo de San Marcos e que tivo como punto da orde do día o estudo, análise e valoración das candidaturas presentadas aos Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” e aos Premios “...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense” na anualidade 2021.

Visto o informe do Servizo de Turismo.

A Deputada- Delegada que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

1º.- Conceder os Premios “Lugo Cambia ao Turismo Lucense” (anualidade 2021) ás seguintes candidaturas:

Aldea Rural O Mazo.

Viveiro ante o berce.

Páxina web turística “Terras de Burón” dos Concellos de Ribeira de Piquín, Negueira de Muñiz e A Fonsagrada.

Xeoparque Mundial UNESCO Montañas do Courel.

2º.- Conceder o Premio "...E para comer, Lugo á Gastronomía Lucense" (anualidade 2021) á Asociación de Criadores de Raza Porcina Celta (ASOPORCEL)

3º.- Ordear a publicación das candidaturas galardoadas no Boletín Oficial da Provincia."

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE BENEFICIARIOS DA AXUDA DA MEDIDA 8.2.4.2 "GENTE JOVEN EN EL RURAL" DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Considerando que con data 26.06.2020 aprobouse en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 "Gente joven en el rural" , e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 " Tu empleo social en el rural" e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 "Tu empleo en el rural", dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30.06.2020 no BOP número 148.

Considerando que a situación vivida nos últimos meses ocasionada polo Covid 19, imposibilitou cubrir o número total de prazas ofertadas na primeira convocatoria das medidas 8.2.4.2 "Gente joven en el rural" e 8.2.3.4 "Tu empleo en el rural" dentro do programa Prende! Bota Raíces no Rural, se a isto sumamos as renuncias presentadas por parte das empresas beneficiarias froito dos peches obrigatorios, redución de horarios... quedaron dispoñibles 18 bolsas na primeira das medidas e 2 na segunda. Polo que para aproveitar o máximo o impacto positivo que xera o programa na economía, con data 27.04.2021 publícase, no BOP número 094 e na Base Nacional de Subvención (BDSN), a aprobación da nova convocatoria das medidas 8.2.4.2 "Gente



joven en el rural” e a medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, cun período de solicitude ininterrompido que abrangue dende o día seguinte a publicación do extracto da convocatoria no BOP, previa publicación na Base Nacional de Subvencións e ata o 30.09.2021 ou ben ata que se esgote as bolsas de axuda ofertadas por cada unha das Medidas.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos da medida, son os seguintes:

“(…)

1) Fomento da empregabilidade.

Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(…)”

Considerando que atendendo ó artigo 4 das bases, a contía máxima de subvención que poderían recibir cada un dos beneficiarios/as será a seguinte:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, 5.700,00 € no caso de manter a contratación do traballador asignado durante 12 meses.

Considerando que para poder optar a ser beneficiario deste programa, tal e como se recolle nos artigos 1 e 3 das bases, é necesario cumprir cos seguintes requisitos:

Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, persoas físicas ou xurídicas:

Cuxos centros de traballo se atope nalgún concello dos recollidos no Anexo I.

Desenvolvan unha actividade relacionada coa hostalaría e o turismo, a enerxía e a auga, a agricultura e a gandería ou o medio ambiente.

Que non estean incursos en ningunha das prohibicións para obter a condición de beneficiario/a recollidas nos 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, de novembro, xeral de subvencións en concordancia coa Lei 9/2007 de xuño, de subvencións de Galicia.

Considerando que segundo se recolle no artigo 6 das bases que rexen esta subvención, e atendendo ao novo prazo establecido na convocatoria publicada con data 27.04.2021 no BOP número 094, no momento da tramitación da solicitude é preciso entregar a seguinte documentación:

“(…)

6.2.1 Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” Prende! Bota Raíces

Solicitude de adhesión (Modelo de Solicitude) da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural”, asinada.

CIF ou DNI.

Estatutos para o caso de ser persoa xurídica ou Alta no Censo de Empresarios, Profesionais e Retenedores para o caso de que o solicitante sexa persoa física (Modelo 036 ou 037).

Anexo II – Declaración responsable asinada.

Anexo III – Declaración doutras axudas de mínimos percibidas.

Certificacións de estar ao corrente das obrigacións tributarias (Axencia Estatal e Autonómica), Seguridade Social e Deputación de Lugo, só no caso de non autorizar a súa comprobación pola Deputación Provincial de Lugo.



Considerando que en relación o procedemento de Selección dos beneficiarios de acordo ao artigo 7 das bases, este é un procedemento de concorrencia non competitiva, sen que se produza a comparación de solicitudes, onde o órgano instructor dos expedientes será o Deputado da Área de Promoción Económica e Social, sendo avaliados e informados por unha comisión de valoración composta por tres empregado públicos da Deputación de Lugo, (nomeados por resolución de presidencia) respectando en todo caso para o seu funcionamento o establecido no artigo 15 e seguintes da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, tendo en conta que si o orzamento non é suficiente para conceder todas as axudas aplicarase como criterio de prioridade a data de presentación, para o caso de coincidencia na data de presentación será a hora a que determine a prelación dos beneficiarios.

Considerando que comprobada a documentación e o cumprimento dos requisitos do Programa por parte do órgano xestor das solicitudes presentadas da Medida 8.2.4.2 dentro do Programa Prende! Bota raíces no rural, con data 20.08.2021, reúnese a Comisión de Valoración emitindo informe propoñendo a listaxe definitiva dos expedientes completos a través da acta que se acompaña a este informe, supeditada, en todo caso, á existencia de crédito e o cumprimento dos requisitos.

Por todo o anterior , propónse a Xunta de Goberno a aprobación:

1º.- Da proposta, nos termos efectuadas pola comisión de Valoración na reunión do data 20.08.2021 (Achégase acta).

2º.- Da listaxe de beneficiarios da medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” dentro do programa Prende! Bota raíces no rural, xunto co importe máximo de subvención, 11.400,00€ durante as anualidade 2021 e 2022. O beneficiario reúne todos os requisitos e o expediente adecúanse ás bases para a concesión da subvención en réxime de concorrencia non competitiva, constando no mesmo declaración responsable de non estar incurso nas prohibicións para obter as condicións de beneficiario, sinaladas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da lei 38/2003 de 17 de novembro, Xeral de Subvencións e certificados de estar ao corrente coas súas obrigas tributarias estatais, autonómicas, de seguridade social e Deputación de Lugo.

Listaxe de Beneficiarios da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” Prende! Bota Raíces

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
29/07/2021 14:18:06	2021/PCA_01/000003	Golam Energía, S.L.	B70517404	Guitiriz	Electrónico- electricista	5.700,00€
04/08/2021 09:09:17	2021/PCA_01/000004	Bodegas Petróñ SL	B27275882	Sober	Traballador para Viñedos	5.700,00€
TOTAL						11.400,00€

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE ENTIDADES BENEFICIARIAS DA MEDIDA 8.2.4.2 “GENTE JOVEN EN EL RURAL” DENTRO DO PROGRAMA PRENDE! BOTA RAÍCES NO RURAL.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Considerando que con data 26 de xuño de 2020 aprobase en Xunta de Goberno a convocatoria e bases das medidas de fomento de emprego por conta allea 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”, e as medidas de fomento do emprego por conta propia medida 8.2.3.3 “ Tu empleo social en el rural” e axudas ao emprendemento colectivo no marco da economía social medida 8.2.3.4 “Tu empleo en el rural”, dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural. Ditas bases publícanse con data 30 de xuño de 2020 no BOP número 148.

Considerando que segundo se recollen nas bases anteriormente mencionadas, concretamente no seu artigo 1, os obxectivos de cada unha das medidas agrúpanse do seguinte xeito:

“(…)

1) Fomento da empregabilidade.



Recollido na Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural” a través da que se persegue contribuír a mellora da empregabilidade dos mozos e mozas do medio rural mediante a concesión de 30 bolsas de axudas económicas a persoas físicas ou xurídicas, afincados nos concellos relacionados no Anexo I, para a contratación por conta allea, financiando os custos salariais do 50% do SMI vixente durante 12 meses para a contratación dun mozo inscrito no sistema de garantía xuvenil.

(...)

2) Fomento da cultura emprendedora.

Recole a Medida 8.2.3.3 “Tu empleo social en el rural” e a Medida 8.2.3.4 “ Tu empleo en el rural” aumentar o emprendemento das persoas mozas non ocupadas e non integradas nos sistemas de educación ou formación como vía de acceso ao mercado laboral a través de 4 bolsas (2 para cada medida) de axudas económicas para a alta da actividade económica segundo algunha das modalidades previstas e que se atopen situadas nalgún dos concellos relacionados no Anexo I. Dúas bolsas de axudas por cada medida, sendo a contía o 75% do SMI vixente durante 12 meses.

(...)”

Considerando que con data 18 de setembro de 2020 a Deputación de Lugo aprobou a primeira listaxe de empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente joven en el rural”. Dentro das listaxes de empresas beneficiarias atópase:

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
22/07/2020 9:46:01	2020/PCA_01/000011	O Balao S.A.T. XUGA 1027	V27244045	O Corgo	Peón Gandeiro	5.700,00 €

Considerando que con data 01.06.2021, a entidade O Balao S.A.T. XUGA 1027 presenta escrito de renuncia a través da Sede Electrónica da Deputación de Lugo (achégase renuncia). Esta preséntase antes de ter recibido cantidade algunha en concepto de subvención.

Considerando ó anteriormente exposto, de acordo coa lexislación vixente en materia de subvencións así como coas Bases do Programa Prende ! Bota Raíces No Rural, propónse a esta Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aceptar a renuncia das seguintes empresas beneficiarias da Medida 8.2.4.2 “Gente Joven en el Rural” dentro do Programa Prende! Bota Raíces no Rural:

REXISTRO	EXPEDIENTE	BENEFICIARIO	NIF	CONCELLO	PERFIL	SUBVENCIÓN
22/07/2020 9:46:01	2020/PCA_01/000011	O Balao S.A.T. XUGA 1027	V27244045	O Corgo	Peón Gandeiro	5.700,00 €

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

12.- PROPOSTA RELATIVA Á TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE PARCELAS DE SOLO INDUSTRIAL, PROPIEDAD DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, MEDIANTE POXA.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“A Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en sesión ordinaria, celebrada o día 23 de xullo de 2021, acordou iniciar a tramitación do procedemento para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde e no Polígono Industrial “Os Acivros”, no Concello de Chantada, mediante poxa, aprobando o prego de cláusulas administrativas que rexerán este procedemento e a publicación das bases que regularán o presente procedemento de alleamento no Boletín Oficial da Provincia.

Vista a publicación de anuncio do prego de cláusulas administrativas, reitor do procedemento, para o alleamento de parcelas de solo industrial, propiedade da Deputación Provincial de Lugo, no Polígono Industrial de Castroverde e no Polígono Industrial “Os Acivros”,



no Concello de Chantada, realizada no Boletín Oficial da Provincia, número 172, de data de 29 de xullo de 2021.

Mediante Decreto de Presidencia, de data de 05 de agosto de 2021, ratificado pola Xunta de Goberno da Deputación Provincial, en data de 6 de agosto de 2021, foi modificada a cláusula número 12 deste prego de cláusulas administrativas.

Vista a publicación de anuncio, no Boletín Oficial da Provincia, número 182, de data de 10 de agosto de 2021, publicouse a modificación referenciada no punto anterior.

Polo exposto e vista a Acta da reunión da Mesa de Valoración, celebrada en data de 31 de agosto de 2021, con CSV IV7FUAKIZUV4KVG7Q5TC5BWGA e o informe emitido pola Sección de Patrimonio en data 9 de setembro de 2021 con IV7FWUBPPBNL3HO6WEGDARB6C4, e o informe de intervención con CSV IV7FWQJZNYR2JWP3RQWECRLE6A, propónse á Xunta de Goberno:

1º.- Adxudicar o procedemento de alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, a favor dos licitadores e coas ofertas seguintes:

LICITADOR	POL- INDUSTRIAL	Nº PARCELA	IMPORTE OFERTADO	MODALIDADE DE PAGO
FRUTAS LÓPEZ CASTROVERDE S.L.	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE	PARCELA 30	35.297,30€	TRANSFERENCIA
DISTRIBUCIONES CHOUZAN S.L.U.	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 28	35.000,00€	PAGO APRAZADO
JULIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 27	27.200,00€	CONTADO

2º.- Adxudicar o procedemento de alleamento de parcelas de solo empresarial, propiedade da Deputación Provincial, mediante poxa, a favor do seguinte licitador, condicionado á recepción do certificado de débedas pendentes, emitido pola Axencia Tributaria Galega, con carácter positivo, non obtido por problemas informáticos, extremo que deberá ser informado pola Sección de patrimonio, nos seguintes termos:

RAMÓN JORGE GONZÁLEZ	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 32	32.100,00€	PAGO APRAZADO
----------------------	---------------------------------	------------	------------	---------------

3º.- Formalizar, mediante escritura pública de compraventa, a transmisión das titularidade das parcelas adxudicadas, aos licitadores relacionados.

4º.- Declarar que as parcelas que non foron adxudicadas neste procedemento e que figuran relacionadas no prego reitor do procedemento, poderán ser obxecto de alleamento, mediante adxudicación directa, polo prezo tipo que figura no citado prego.

5º.- Realizar as anotacións pertinentes no Libro de Inventario de Bens e Dereitos.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Débese ter en conta o escrito da Sección de Patrimonio, no que se sinala que na proposta producíronse os seguintes erros materiais de transcripción, e onde di:

LICITADOR	POL- INDUSTRIAL	Nº PARCELA	IMPORTE OFERTADO	MODALIDADE DE PAGO
FRUTAS LÓPEZ CASTROVERDE S.L.	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE	PARCELA 30	35.297,30€	TRANSFERENCIA
DISTRIBUCIONES CHOUZAN S.L.U.	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 28	35.000,00€	PAGO APRAZADO
JULIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 27	27.200,00€	CONTADO

Debe dicir:

LICITADOR	POL- INDUSTRIAL	Nº PARCELA	IMPORTE OFERTADO	MODALIDADE DE PAGO
FRUTAS LÓPEZ CASTROVERDE S.L.	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CASTROVERDE	PARCELA 30	35.297,30€	PAGO ÚNICO
DISTRIBUCIONES CHOUZAN S.L.U.	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 28	35.000,00€	PAGO APRAZADO
JULIO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ	POLÍGONO INDUSTRIAL DE CHANTADA	PARCELA 27	27.200,00€	PAGO ÚNICO



13.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE XUBILACIÓN POR INCAPACIDADE PERMANENTE NO GRADO DE TOTAL DUN OFICIAL OFICIOS MÚLTIPLES DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Luis Varela Pérez, Oficial Oficios Múltiples do Cadro de Persoal Funcionario, viña prestando servizos a esta Entidade, atopándose en situación de Incapacidade Temporal.

Considerando que Por Resolución da Dirección Provincial de Lugo do Instituto Nacional da Seguridade Social, de data en data 19 de agosto de 2021, foille recoñecida a D. Luis Varela Pérez, a prestación por incapacidade permanente no Grao de Total, con efectos económicos do día 5 de agosto de 2021.

Visto que artigo 194 do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, establece os distintos graos de invalidez, e que, a falta doutra regulación, enténdese que a incapacidade permanente total para todo traballo é aquela “(...) que inhabilite por completo ao traballador para a realización de todas ou das fundamentais tarefas de dita profesión, sempre que poida dedicarse a outra distinta”.

A Resolución da Dirección Provincial de Lugo do INSS, establece literalmente:

“Fecha a partir da la cual se puede instar la revisión por agravación o mejoría: 4-08-2024.

No se prevé que la situación de incapacidad vaya a ser objeto de revisión por mejoría, que permita la reincorporación al puesto de trabajo antes de dos años (Artigo 48.2 da Lei do Estatuto dos Traballadores. BOE 24-10-2015)”.

A referencia feita pola resolución do INSS ao disposto no artigo 48.2 do ET non resulta directamente aplicable a este suposto por canto o vínculo xurídico que regula a relación deste

funcionario coa Entidade é de natureza administrativa polo que, en consecuencia, deberase entender que, se como consecuencia da dita revisión, si, no seu día, se adoptase resolución polo INSS na que, debido á ter experimentado melloría, se declarase en situación de apta para o traballo, habería de considerarse, para adoptar resolución sobre este asunto, o que sinale a lexislación administrativa, concretamente o artigo 68.1 do EBEP e a lexislación de función pública vixente, nese momento para adoptar decisión axustada a dereito.

Considerando que o artigo 139 do Real Decreto Lexislativo 781/86 do 18 de abril, texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, establece que a xubilación dos funcionarios terá lugar (...) "b) De oficio ou a petición do interesado, por incapacidade permanente para o exercicio das súas funcións".

Considerando, así mesmo, o establecido no artigo 67.1 c) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, que sinala:

“Xubilación.

A xubilación dos funcionarios poderá ser:

c) Pola declaración de incapacidade permanente para o exercicio das funcións propias do seu corpo ou escala, ou polo recoñecemento dunha pensión de incapacidade permanente absoluta ou, incapacidade permanente total en relación co exercicio das funcións do seu corpo ou escala”.

Por todo elo, propono á Xunta de Goberno que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo de data 9 de marzo de 2011 (publicado no BOP núm. 056 do 10 de marzo de 2011), acorde:

Declarar a xubilación por Incapacidade Permanente, no Grao de Total, de D. Luis Varela Pérez, con efectos económicos do día 5 de agosto de 2021, data á que se retrotraen os efectos económicos da pensión de invalidez recoñecida ao funcionario e á que se liquidarán os dereitos e obrigas que deriven da relación funcional con esta Entidade.”



A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE AUTORIZACIÓN DE COMPATIBILIDADE A UN TÉCNICO SUPERIOR DE DESENVOLVEMENTO DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS, FUNCIONARIO INTERINO.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Xeral desta Entidade o día 12 de xullo de 2021, nº 2021RT010719, D. José Manuel López Adrio formula solicitude de autorización de compatibilidade por ser socio capitalista de sociedade, na que nin traballa ni percibe salario pola mesma.

Dos antecedentes que constan na Sección de Admón. de RR.HH. despréndese que D. José Manuel López Adrio presta servizos como Técnico Superior Desenvolvemento Aplicacións Informáticas, funcionario interino, suposto artigo, 10.1.a) do EBEP “Existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira”.

Consideracións legais e técnicas.

Normativa de aplicación

O artigo 145 do RDL 781/86, establece que o réxime de incompatibilidades dos funcionarios da Administración Local é o establecido na Lei 53/84 e “nas normas que dite o Estado para a aplicación aos funcionarios da Administración Local”. Estas normas específicas non están ditadas.

As normas de desenvolvemento da lei 53/84 están contidas no RD 598/85 que, conforme ao artigo 1 do citado regulamento é de aplicación ao persoal determinado no artigo 2 da lei 53/84

“a excepción (...) do que desempeñe, como única ou principal, unha actividade pública ao servizo de unha Comunidade Autónoma ou Corporación Local”.

En consecuencia, a normativa aplicable está contida nas seguintes normas:

Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación provincial de Lugo e INLUDES (BOP 30.09.06).

Igualmente debe tomarse en consideración o enunciado na Disposición Transitoria Novena, apartado 2, da Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia, que condiciona a concesión de compatibilidade para actividades privadas a que a contía do complemento específico non supere o 30% da súa retribución básica, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade; a a expresa aceptación da persoa interesada.

Necesidade de preceptivo recoñecemento de compatibilidade e posibilidade de que se efectúe tal recoñecemento.

O artigo 14 da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, establece: “O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade”.

Límites por razón de imparcialidade e independencia no exercicio das funcións públicas.

O artigo 1.3 da Lei 53/84 sinala:

“En calquera caso, o desempeño dun posto de traballo polo persoal incluído no ámbito de aplicación desta Lei será incompatible co exercicio de calquera cargo, profesión ou actividade, público ou privado, que poida impedir ou menoscabar o estrito cumprimento dos seus deberes ou comprometa a súa imparcialidade ou independencia”.



O artigo 11 da lei 53/84 sinala:

“1. De acordo co disposto no artigo 1.3 da presente Lei, o persoal comprendido no seu ámbito de aplicación non poderá exercer, por si ou mediante substitución, actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexan por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares que se relacionen directamente coas que desenvolva o Departamento, Organismo ou Entidade onde estivera destinado.

Exceptúanse da devandita prohibición as actividades particulares que, en exercicio dun dereito legalmente recoñecido, realicen para si os directamente interesados”.

A maiores do sinalado anteriormente, o artigo 12.1 da Lei 53/84 limita o exercicio da actividade privada, establecendo:

“1. En todo caso, o persoal comprendido no ámbito de aplicación desta Lei non poderá exercer as actividades seguintes:

a) O desempeño de actividades privadas, incluídas as de carácter profesional, sexa por conta propia ou baixo a dependencia ou ao servizo de entidades ou particulares, ou nos asuntos nos que estea intervindo, teña intervindo nos dous últimos anos ou teña que intervenir por razón do posto público.

Inclúense en especial nesta incompatibilidade as actividades profesionais prestadas a persoas ás que se estea obrigado a atender no desempeño do posto público.

b) A pertenza a Consellos de Administración ou órganos reitores de empresas ou entidades privadas, sempre que a actividade das mesmas estea directamente relacionada coas que xestione o Departamento, Organismo ou Entidade en que preste os seus servizos o persoal afectado.

c) O desempeño, por si ou por persoa interposta, de cargos de toda orde en empresas ou sociedades concesionarias, contratistas de obras, servizos ou subministracións, arrendatarias ou administradoras de monopolios, ou con participación ou aval do sector público, calquera que sexa a configuración xurídica de aquelas.

d) A participación superior ao 10 por 100 no capital das empresas ou sociedades a que se refire o parágrafo anterior.

Da instancia do interesado e documentación que figura no expediente nada indica que a actividade para a que solicita a compatibilidade infrinxa o sinalado no artigo anterior.

Limitacións sobre xornada e horario.

O artigo 12.2 da Lei 53/84 establece:

“2. As actividades privadas que correspondan a postos de traballo que requiran a presenza efectiva do interesado durante un horario igual ou superior á metade da xornada semanal ordinaria de traballo nas Administracións Públicas, só poderán autorizarse cando a actividade pública sexa unha das enunciadas nesta Lei como de prestación a tempo parcial.”

O artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, establece:

“O recoñecemento de compatibilidade non poderá modificar a xornada de traballo nin o horario do interesado e queda automaticamente sen efecto no caso de cambio de posto de traballo no sector público.”

Neste caso dado que é socio capitalista de sociedade, na que nin traballa nin percibe salario pola mesma, non interfere na xornada nin se ve afectado o horario de traballo.

Limitacións relativas ao desempeño do posto de traballo.

O Artigo 14, parágrafo terceiro da Lei 53/84, di textualmente:

“O recoñecemento de compatibilidade (...) quedará sen efectos no caso de cambio de posto no sector público”.

O Artigo 15 da Lei 53/84, establece:

“O persoal a que se refire esta Lei non poderá invocar ou facer uso da súa condición pública para o exercicio de actividade mercantil, industrial ou profesional”.



6º Limitacións retributivas.

O artigo 16 da mencionada norma establece:

“Así mesmo, por excepción e sen prexuízo do establecido nos artigos 1.3, 11, 12, e 13 da presente Lei, poderá concederse compatibilidade para o exercicio de actividades privadas ao persoal que desempeñen postos de traballo que comporten percepción de complementos específicos, ou concepto equiparable, cuxa contía non supere o 30 por cento das súas retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade.”

Nese sentido, o artigo 18. 4, parágrafo segundo, do Regulamento polo que se aproba a normativa de acceso, carreira e provisión de postos de traballo da Deputación e INLUDES (BOP de 31.07.2006) establece:

“Os traballadores que soliciten compatibilidade para unha segunda actividade pública ou privada estarán ao que determine a lei 53/1984, de 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, axeitándose as retribucións ao que determinen as citadas normas no suposto de que proceda acordar a compatibilidade.”

Polo tanto, para o cumprimento do establecido no artigo 16 anterior, a contía do Complemento Específico a percibir polo traballador non pode superar o 30% das retribucións básicas, excluídos os conceptos que teñan a súa orixe na antigüidade, debendo reducirse de superalas ao límite sinalado, entendéndose que ao aceptar a concesión de compatibilidade renuncia e acepta a limitación sinalada.

Tramitación, resolución e efectos da mesma.

A solicitude do interesado debe ter a conformidade do Servizo a efectos de garantir que non interfere na prestación do mesmo.

A este respecto o informe do Servizo sinala que non existe impedimento para que se lle conceda a compatibilidade, xa que esta non interferiría na xornada nin se vería afectado o horario de traballo que se desenvolve neste Servizo.

Dado que o informe establece limitacións, entre elas as que afectan ás retribucións, debe ser posto en coñecemento do mesmo, a efectos do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

O artigo 14 da Lei 53/84 establece:

“O exercicio de actividades profesionais, laborais, mercantís ou industriais fóra das Administracións Públicas requirirá o previo recoñecemento de compatibilidade.”

Como consecuencia do sinalado, a vista dos informes dos servizos, procede que pola Xunta de Goberno se adopte acordo concedendo a D. José Manuel López Adrio a compatibilidade por ser socio capitalista de sociedade, na que nin traballa nin percibe salario pola mesma, polo que non interfere na xornada nin se ve afectado o horario de traballo, e coas demais limitacións e condicionantes sinalados, e os demais que se deriven da Lei 53/1984, do 26 de decembro, e quedando automaticamente sen efectos polo cambio de posto de traballo. O incumprimento das condicións legais establecidas, co contido expresado neste informe, poderá ser sancionado conforme as normas contidas no Título VII (Régime Disciplinario) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (EBEP), e demais normas sobre réxime disciplinario que resulten de aplicación.

A autorización de compatibilidade terá efectos dende o día 12 de xullo de 2021, data na que o interesado formula a solicitude.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.



15.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Conta e cumprimento Decreto de data 12 de xullo de 2021 ditado pola Sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia no procedemento: Peza de Taxación de Custas 330/2019 0001 (AP 330/2019).

Dase conta do Decreto de data 12 de xullo de 2021, ditado pola sección 1ª da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X. de Galicia, no procedemento peza de taxación de custas 330/2019 0001; e en cuxo fallo di o seguinte: “*Aprobar la tasación de costas practicada en este recurso con fecha 17 de junio de 2021 por importe de 1.362,84 euros, a cuyo pago ha sido condenada la parte Diputación Provincial de Lugo*”. A Xunta de Goberno queda enterada, acordándose por unanimidade, dar cumprimento ó citado decreto; e vista a proposta da Asesoría Xurídica, proceder ao ingreso da cantidade de 1.362,84 euros, en concepto de custas, na conta de consignacións do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

16.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.